

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Tesourería e Xestión de Tributos. Servizo de Xestión Tributaria

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza n.º 13, reguladora do prezo público pola utilización da pista polideportiva Calvo Sotelo

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión celebrada o día 1 de febreiro de 2019, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza n.º 13, reguladora do prezo público pola utilización da pista polideportiva: cambio de denominación, modificación e redacción íntegra.

Este acordo expúxose ao público, durante o prazo de 30 días (BOP número 31, do 13 de febreiro de 2019), para a presentación de reclamacións e suxestións, de conformidade co que se dispón no art. 49 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

Neste prazo non se presentou ningunha reclamación contra o citado acordo.

En consecuencia, elévase a definitivo o devandito acordo e a modificación da ordenanza N.º 13.

Así mesmo, publícase o texto íntegro da modificación da Ordenanza n.º 13, segundo o previsto no art. 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

A modificación da Ordenanza n.º 13 entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 desta lei, excepto para a tarifa Uso Tempada que será de aplicación a partir do inicio da tempada 2019/2020.

Contra o dito acordo e o texto íntegro da modificación da ordenanza N.º 13, os interesados poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de acordo co que se establece nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ORDENANZA N.º 13, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO “CALVO SOTELO”

Artigo 1.–Concepto.

De acordo co disposto no art. 148 en relación co art. 41, ambos os dous do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, do 5 de marzo, esta Deputación establece o prezo público pola utilización do Pavillón Polideportivo “Calvo Sotelo”, que se rexerá polo que se dispón nesta Ordenanza.

Artigo 2.–Obrigados ao pago.

Estarán obrigadas ao pago dos prezos públicos fixados nesta ordenanza as persoas físicas ou xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptibles de imposición, que soliciten a utilización do Pavillón Polideportivo “Calvo Sotelo”, que depende desta Deputación, ou as que resulten beneficiadas polo dito servizo.

Artigo 3.–Non obrigados ao pago.

Estarán exceptuadas do pago as utilizacións do pavillón con motivo de competicións organizadas por iniciativa desta Excm. Deputación Provincial ou patrocinadas por esta, que cumpran as condicións previstas no regulamento regulador do uso desta instalación deportiva.

Artigo 4.–Contía.

1.–O importe do prezo público fixado nesta Ordenanza cubrirá, como mínimo, o custo do servizo prestado, podendo fixarse un prezo público por debaixo do custo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen.

O prezo público será o fixado nas tarifas que se recollen no apartado seguinte.

2.–A tarifa do prezo público será:

USO TEMPADA:

- Pola utilización do Pavillón Polideportivo e de todos os servizos complementarios de que dispoña (duchas, vestia-rios, etc.). Por cada hora ou fracción de hora superior a 30 minutos, á semana, 120,00 € ao mes.

USO PUNTUAL:

- Pola utilización do Pavillón Polideportivo e de todos os servizos complementarios de que dispoña (duchas, vestia-rios, etc.). Por cada hora ou fracción de hora superior a 30 minutos, 45,00 €.

3.–En todo caso, as persoas interesadas non poderán solicitar un período de tempo inferior a media hora.

4.–As cotas fixadas nas tarifas teñen carácter irredutible.

5.–Por razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, esta Deputación poderá fixar prezos públicos por debaixo do custo do servizo, fixándose a dita rebaixa nun 50 ou 75% da tarifa fixada no apartado 2, cando se cumpran as condicións previstas no regulamento regulador do uso desta instalación deportiva.

6.–Estas tarifas enténdense sen prexuízo da repercusión legal que, no seu caso, deba realizarse polos impostos indirectos que graven a prestación do servizo ou acto suxeito.

Artigo 5.–Obrigas de pago e depósito previo.

1.–A obriga de pagar nace desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendendo para estes efectos que a dita iniciación se produce cando se concede a autorización para o uso do pavillón, se ben esta Deputación poderá exixir o depósito previo do prezo público.

2.–O pago da tarifa do prezo público realizarase:

USO TEMPADA:

O pago do dito prezo público realizarase a través de domiciliación bancaria, con periodicidade mensual. Para estes efectos, o Servizo de Xestión Tributaria, Sección I, practica a correspondente liquidación e, no seu caso, notificación desta ao interesado.

USO PUNTUAL:

O pago do dito prezo público efectuarase no momento no que se autorice a utilización do Pavillón Polideportivo. Para estes efectos, previo ao uso do Pavillón, a entidade deberá presentar e ingresar a correspondente autoliquidación do prezo público.

Artigo 6.–Normas de xestión.

1.–As persoas, clubs, federacións, entidades, etc. que queiran utilizar o pavillón polideportivo, deberán solicitalo nos termos que se establezan no Regulamento de uso e funcionamento do Pavillón Polideportivo “Calvo Sotelo” e nas súas normas de desenvolvemento. No suposto de uso de tempada deberase acompañar á solicitude o modelo de domiciliación do prezo público, debidamente cuberto.

2.–Se se solicita a rebaixa nun 50 ou 75% do prezo público por razóns de interese público, farase constar expresamente na solicitude, para os efectos de que a Deputación informe se procede ou non a dita rebaixa por cumprir o solicitante as condicións previstas no regulamento do uso desta instalación deportiva.

3.–A unidade tramitadora das autorizacións do uso do Pavillón Polideportivo trasladará ao Servizo de Xestión Tributaria, Sección I, as resolucións aprobatorias das utilizacións concedidas e, no seu caso, dos patrocinios outorgados e rebaixas aprobadas.

4.–A non utilización das instalacións autorizadas por causa imputable á entidade interesada non exime do pago do prezo público.

5.–No uso tempada, a liquidación de tarifas levarase a cabo polo Servizo de Xestión Tributaria, Sección I.

As baixas definitivas no uso das instalacións do Pavillón Polideportivo “Calvo Sotelo” comunicaranse por escrito á Deputación Provincial da Coruña. As baixas producirán efectos económicos a partir do mes seguinte ao que se comuniquen.

No caso dunha alta, con posterioridade ao inicio da tempada, a primeira liquidación corresponderá ao mes no que se autorice o uso do Pavillón Polideportivo.

6.–No uso puntual, a entidade realizará a correspondente autoliquidación do prezo público unha vez sexa concedida a resolución autorizando o uso do Pavillón Polideportivo.

Artigo 7.-Remisión á Ordenanza Fiscal Xeral.

En todo o non especialmente previsto nesta Ordenanza, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.

Disposición adicional

A Presidencia da Deputación poderá, mediante resolución, establecer as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza.

Disposición final

A presente Ordenanza fiscal derroga a aprobada polo Pleno de data 10 de outubro de 1995 e as modificacións a esta.

Diligencia.—A precedente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña o 1 de febreiro de 2019.

El Pleno de la Diputación Provincial de A Coruña, en la sesión celebrada el día 1 de febrero de 2019, aprobó inicialmente la modificación de la Ordenanza n.º 13, reguladora del precio público por la utilización de la pista polideportiva: cambio de denominación, modificación y redacción íntegra.

Este acuerdo se expuso al público, durante el plazo de 30 días (BOP número 31 de 13 de febrero de 2019), para la presentación de reclamaciones y sugerencias, de conformidad con lo dispuesto en el art. 49 de la Ley 7/85, reguladora de las bases del régimen local.

En este plazo no se presentó ninguna reclamación contra el citado acuerdo.

En consecuencia, se eleva a definitivo dicho acuerdo y la modificación de la Ordenanza n.º 13.

Asimismo, se publica el texto íntegro de la modificación de la Ordenanza n.º 13, según lo previsto en el art. 70.2 de la Ley 7/85, reguladora de las bases del régimen local.

La modificación de la Ordenanza n.º 13 entrará en vigor una vez transcurrido el plazo establecido en el artículo 65.2 de esta ley, excepto para la tarifa uso temporada que será de aplicación a partir del inicio de la temporada 2019/2020.

Contra dicho acuerdo y el texto íntegro de la modificación de la ordenanza N.º 13, los interesados podrán interponer directamente el recurso contencioso-administrativo ante la Sala correspondiente del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de dos meses, contados desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio, de acuerdo con lo establecido en los artículos 10 y 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-administrativa y 112.3 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

ORDENANZA N.º 13.-REGULADORA DEL PRECIO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DEL PABELLÓN POLIDEPORTIVO “CALVO SOTELO”**Artículo 1.-Concepto.**

De acuerdo con lo dispuesto en el art. 148 en relación con el Art. 41, ambos del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por el R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, esta Diputación establece el precio público por utilización del Pabellón Polideportivo “Calvo Sotelo”, que se regirá por lo que se dispone en esta Ordenanza.

Artículo 2.-Obligados al pago.

Estarán obligadas al pago de los precios públicos fijados en esta ordenanza las personas físicas o jurídicas, así como las herencias yacentes, comunidades de bienes y demás entidades que, carentes de personalidad jurídica, constituyan una unidad económica o un patrimonio separado susceptibles de imposición, que soliciten la utilización del Pabellón Polideportivo “Calvo Sotelo”, que depende de esta Diputación, o las que resulten beneficiados por dicho Servicio.

Artículo 3.-No Obligados al pago.

Estarán exceptuadas del pago las utilidades del pabellón con motivo de competiciones organizadas a iniciativa de esta Excm. Diputación Provincial o patrocinadas por la misma, que cumplan las condiciones previstas en el reglamento regulador del uso de esta instalación deportiva.

Artículo 4.-Cuantía.

1.-El importe del precio público fijado en esta Ordenanza cubrirá, como mínimo, el coste del Servicio prestado, pudiendo fijarse un precio público por debajo del coste, cuando existan razones sociales, benéficas, culturales o de interés público que así lo aconsejen.

El precio público será el fijado en las tarifas que se recogen en el apartado siguiente.

2.–La tarifa del precio público será:

USO TEMPORADA:

- Por la utilización del Pabellón Polideportivo y de todos los servicios complementarios de que disponga (duchas, vestuarios, etc.). Por cada hora o fracción de hora superior a 30 minutos, a la semana, 120,00 € al mes.

USO PUNTUAL:

- Por la utilización del Pabellón Polideportivo y de todos los servicios complementarios de que disponga (duchas, vestuarios, etc.). Por cada hora o fracción de hora superior a 30 minutos, 45,00 €.

3.–En todo caso, no podrá solicitarse por los interesados un período de tiempo inferior a Media Hora.

4.–Las cuotas fijadas en las tarifas tienen carácter irreductible.

5.–Por razones sociales, benéfico, culturales o de interés público que así lo aconsejen, esta Diputación podrá fijar precios públicos por debajo del coste del servicio, fijándose dicha rebaja en un 50 ó 75% de la Tarifa fijada en el apartado 2, cuando se cumplan las condiciones previstas en el reglamento regulador del uso de esta instalación deportiva.

6.–Estas Tarifas se entienden sin perjuicio de la repercusión legal que, en su caso, deba realizarse por los impuestos indirectos que graven la prestación del servicio o acto sujeto.

Artículo 5.–Obligaciones de pago y depósito previo.

1.–La obligación de pagar nace desde el momento en que se inicie la prestación del servicio, entendiéndose a estos efectos que dicha iniciación se produce cuando se concede la autorización para el uso del pabellón, si bien esta Diputación podrá exigir el depósito previo del precio público.

2.–El pago de la tarifa del precio público se realizará:

USO TEMPORADA:

El pago de dicho precio público se realizará a través de domiciliación bancaria, con periodicidad mensual. A estos efectos, el Servicio de Gestión Tributaria, Sección I, practicará la correspondiente liquidación y, en su caso, notificación de la misma al interesado.

USO PUNTUAL:

El pago de dicho precio público se efectuará en el momento que se autorice la utilización del Pabellón Polideportivo. A estos efectos, previo al uso del Pabellón, la entidad deberá presentar e ingresar la correspondiente autoliquidación del precio público.

Artículo 6.–Normas de gestión.

1.–Las personas, clubs, federaciones, entidades, etc. que quieran utilizar el pabellón polideportivo, deberán solicitarlo en los términos que se establezca en el Reglamento de uso y funcionamiento del Pabellón Polideportivo “Calvo Sotelo” y en sus normas de desarrollo. En el supuesto de Uso de Temporada se deberá acompañar a la solicitud el modelo de domiciliación del precio público, debidamente cumplimentado.

2.–Si se solicita la rebaja en un 50 ó 75% del precio público por razones de interés público, se hará constar expresamente en la solicitud, a efectos de que la Diputación informe si procede o no dicha rebaja por cumplir el solicitante las condiciones previstas en el reglamento del uso de esta instalación deportiva.

3.–La unidad tramitadora de las autorizaciones de Uso del Pabellón Polideportivo trasladará al Servicio de Gestión Tributaria, Sección I, las Resoluciones aprobatorias de las utilizaciones concedidas y, en su caso, de los patrocinios otorgados y rebajas aprobadas.

4.–La no utilización de las instalaciones autorizadas por causa imputable a la entidad interesada no exime del pago del precio público.

5.–En el uso temporada la liquidación de tarifas se llevará a cabo por el Servicio de Gestión Tributaria, Sección I.

Las bajas definitivas en el uso de las instalaciones del Pabellón Polideportivo “Calvo Sotelo” se comunicarán por escrito a la Diputación Provincial de A Coruña. Las bajas surtirán efectos económicos a partir del mes siguiente al que se comuniquen.

En el caso de un alta, con posterioridad al inicio de la temporada, la primera liquidación corresponderá al mes en el que se autorice el uso del Pabellón Polideportivo.

6.–En el uso puntual la entidad realizará la correspondiente autoliquidación del precio público una vez sea concedida la resolución autorizando el uso del Pabellón Polideportivo.

Artículo 7.-Remisión a la Ordenanza Fiscal General.

En todo lo no especialmente previsto en esta Ordenanza, se estará a lo dispuesto en la Ordenanza Fiscal General.

Disposición adicional

La Presidencia de la Diputación podrá, mediante resolución, establecer las disposiciones necesarias para el desarrollo y ejecución de esta ordenanza.

Disposición final

La presente Ordenanza Fiscal deroga la aprobada por el Pleno de fecha 10 de octubre de 1995 y las modificaciones a la misma.

Diligencia.—La precedente ordenanza fue aprobada por el Pleno de la Excma. Deputación Provincial de A Coruña el 1 de febrero de 2019.

A Coruña, 28 de maio de 2019.

O presidente/ PDFR 01-10-15/O deputado

Antonio Leira Piñeiro

O secretario

José Luis Almau Supervía

2019/4403